



Figuras animadas electronicamente conforman unha representación galega tradicional// Pasan os Reis Magos, faise a noite e o día// Declarado de Interese Turístico Galego, é un mundo en pequeno arredor do Nadal. **TEXTO M. Almodóvar**

O belén de Begonte, unha viaxe á humildade e á devoción dun pobo

Chegan as vacacións de Nadal para os máis pequenos da casa, que agardan con infinita ilusión a chegada dos Reis Magos de Oriente. Nada hai máis máxico e saudable para a nosa alma que mergullarnos na súa mirada inocente, bondadosa e brillante dos nenos.

Pero mentres ese día non chega, sería moi recomendable deixar de lado o contaxioso espírito do consumismo e voltar á paz e á ledicia que inspira un belén, unha das tradicións do Nadal con máis arraigo en España, pois a representación do nacemento de Cristo remóntase a máis de oito séculos.

Neste caso, viaxaremos ata o municipio lucense de Begonte, que conta cun belén electrónico que comezou a funcionar en decembro de 1972 cun pregón de monseñor Araújo, daquela bispo de Mondoñedo-Ferrol.

Como reflicte www.belendebegonte.es, “trátase dun belén que ten vida propia, no que as figuras están animadas electronicamente e conforman unha escena de belén tradicional axeitado a Galicia, onde os labregos cultivan a terra, os pastores atenden o gando, os

“

Xulio Xiz

CENTRO CULTURAL JOSÉ GUIZÁN

“Trátase dun belén que ten vida propia, cunha escena axeitada a Galicia, onde os labregos cultivan a terra e os pescadores pescan”

carpinteiros carpintean e os pescadores pescan”.

Pasan os Reis Magos, faise a noite e o día, neva ou lostrega, aparece a estrela e o anxo... É un mundo en pequeno arredor do Nadal.

O visitante atopará “un belén sinxelo –declarado de Interese Turístico Galego–, que pretende reflectir o mellor exemplo de humildade que rexistra a

historia: o nacemento do Fillo de Deus, feito home”.

Porque co paso do tempo, “o belén foi medrando, ocupando toda a planta baixa do local onde está instalado, e cada ano sofre fonda transformación para que os que acoden todos os anos a velo –que son moitísimos– teñan sempre novidades que ver e que contar.

Como sinala Xulio Xiz a EL CO-

O PREGOEIRO DESTA EDICIÓN

Alfonso Cabaleiro

Director de Galicia Calidade

“EMOCIONADO... ESTE BELÉN ESPÉRTAME LEMBRANZAS”

Era a primeira vez que Alfonso Cabaleiro, director de Galicia Calidade, pronunciaba un pregón e exercía a “condición de predicador ocupando o tempo e o espazo da homilía no medio desta misa tan entrañable e piadosa”.

Por iso díxolles aos presentes: “Síntome, aquí, profundamente emocionado e agradecido por formar unha pequena parte da historia dun dos beléns máis fermosos dos feitos en Galicia”, porque ademais “espértame numerosas lembranzas”.

Cabaleiro fixo un percorrido pola historia do belén de Begonte, do que destacou tres características que mantén a día de hoxe, a pesar de nacer no 1972.

“Primeira: era un belén electrónico nun momento no que a electrónica estaba despe-



O director de Galicia Calidade, Alfonso Cabaleiro, nun momento do pregón que pronunciou na igrexa.

gando e nacemento como especialidade educativa.

A segunda trátase dun belén popular que reflicte unha aldea da Terra Chá de mediados do século pasado, con xente, actividades laborais, casas feitas pedriña a pedriña..., e a incorporación de dúas novas figuras, a que representan o labor da malla do rigo e unha homenaxe ás persoas que loitan

contra os incendios...”, dando mostra de que “Galicia e os galegos vencen ese fogo e vento de traxedia co seu afán de supervivencia e amor á terra”.

E a terceira característica que “destacaría nos límites do tempo que marca o pregón sería que o belén segue fiel ao espírito fundacional de José Domínguez Guizán”.

Nestas datas “celebramos un

cataclismo que pon a proba a capacidade de comprensión dos máis sabios e é aceptado con naturalidade polos máis sinxelos. As mans que crearan o mundo, a inmensidade, as estrelas, convértense cada 25 de decembro nas manciñas dun recém nacido nun cortello de Belén, que chora, mama e sorri, Omnipotencia e indefensión”.

RREO, “en Begonte –a quen xa moitos chaman Begonte de Nadal– o período de Nadal dura case dous meses: desde o primeiro sábado de decembro ata o último de xaneiro. “Comezamos sempre cun pregón a cargo dunha persoa de relevancia no seu labor, que sexa amigo do belén”. Nestas corenta e seis edicións foron pregoeiros catro bispos de Mondoñedo, dous de

Mostra do belén de Begonte, un lugar que merece a pena visitar.

Fotos: www.belendebegonte.es

Lugo, dous presidentes da Xunta (Fraga e Feijóo), o actual arcebispo de Santiago, Rouco Varela; o actual deán da Catedral, Manuela Besteiro, Raquel Arias...

O pregoeiro deste ano foi Alfonso Cabaleiro, director xerente de Galicia Calidade, que leva “moitos anos apoiando este belén”.

Hai que dicir que neste longo tempo faleceron o crego impulsor inicial do Belén, o párroco begontino José Rodríguez Varela –ao que sucedeu o seu irmán Jesús, actual presidente do Centro Cultural que leva o nome do fundador), e o creador, José Rodríguez Varela.

En 1972, “o crego begontino quería facer algo para introducir aos seus feligreses no clima do Nadal, e poñer a Begonte no mapa, que ata entón era un pequeno pobo da Terra Chá, polo que pasaba a Nacional VI. Xunto con Varela foron a Someso, ao Centro de Formación Profesional Acelerada, onde lles dixeron que había un belén movido electricamente. Xa o primeiro ano conseguiron, alomenos, igualar o modelo”, conta Xiz.

E ademais, “levamos 42 anos convocando certames de xornalismo, poesía e debuxo infantil, cunha grande participación... e 28

anos dun certame de arte. E temos 27 obras de destacados pintores galegos cos que imos montar unha pinacoteca begontina.

Begonte, un lugar para descubrir, “no centro-norte de Galicia, ao oeste da provincia de Lugo”.